

A emerxencia climática no IES de Ribadeo



POR MANUEL VÁZQUEZ DABALCA

A preocupación polo clima é xa unha cuestión que transcende o ámbito social e político, e que se incardina con actualidade no entramado educativo. Estas consideracións partiron dos científicos, que son os que novedosamente, puxeron en garda aos poderes públicos polo uso irresponsable dos recursos naturais e polo consumo indiscriminado de combustibles fósiles. Pode que nunca antes un movemento de masas se estendera de forma tan rápida por todas as capas da sociedade.

Os seus protagonistas son os fillos e fillas dunha xeración que viviu a benevolencia económica, son os que viron en primeira persoa os atentados do 11S, de Madrid, de Londres, ... que son coetáneos das crises económicas do 2008, do 2011, ... e son, en definitiva os e as que temos nas clases dos nosos centros.


No IES Ribadeo Dionisio Camalío, o departamento de Filosofía, en colaboración co departamento de Bioloxía, planificou unha char-

la o venres 27 de setembro, coa intervención de IVÁN RODRÍGUEZ LOMBARDEO, xeólogo ambiental, coordinador comarcal do SLC na Mariña, para os grupos de 1º de Bacharelato e un grupo de 2º Educación Secundaria Obrigatoria, co obxectivo de sensibilizar a todo o alumnado sobre a situación de risco que vive actualmente a nosa sociedade, o grave perigo que supón a contaminación nas variadas facetas que abrangue, e sobre todo o perigo que supón unha actitude irresponsable cara ao planeta.

Os contidos teóricos desta charla son tratados nos cursos de secundaria e 1º de bacharelato respectivamente, e abranguen o problema do consumo, o medio ambiente, a contaminación, os valores ecolóxicos, ... todos eles temas e conceptos que forman parte do currículo de Filosofía a través das distintas disci-

plas integradas (Valores Éticos, Valores Democráticos Europeos, Filosofía, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Europa, ...). A sociedade actual necesita coñecer e sensibilizar á cidadanía en xeral e á xuventude en particular sobre estas realidade cotiás das que depende o noso presente e o noso futuro. Así mesmo, os grupos de 1º ESO levaron a cabo a realización de debuxos e posters coa temática do clima que están expostos no corredor do 1º andar.

A importancia destes aspectos pon de relevo a necesidade da educación ecolóxica na praxe docente



Mán Rodríguez, durante a súa exposición.

O clima? Que clima? Nós!

O pasado 27 de setembro tivo lugar fronte ó cello de Ribadeo, ás 20 horas, unha concentración polo clima.

Tempo ten pasado dende que a unha relixión se lle ocorreu meter nun libro, o da Xénese, aquilo de 'esparcídevos e dominade a Terra'. Aínda faltaba para que Darwin explicara a supervivencia das especies ou para que se poidera seguir a expansión da raza humana por todo o planeta. E polo tanto, para ver cumprida efectivamente a profecía do dominio sobre a Terra.

Un dominio que ten levado a que creamos como se nós non formáramos parte desta Terra que andamos a dominar. Aínda estamos a caer na conta que litro de petróleo que se colla e queime é litro de petróleo menos que temos para mañá, pero tamén uns 1.500 L de dióxido de carbono que se lanzan



POR ANTONIO GREGORIO

á atmosfera, a máis de calor que lle metemos ó medio ó queimar, e calor que facemos que se acumule ó non poder despedilo ó espazo, entre outras cousas. Como cativos sen control cun xoguete novo (cada vez menos novo, cada vez máis descontrolado) e complexo (con complexidade aínda por descubrir) xogamos con el como se non tivera fin, ata que nos cansamos ou 'se canse', se estropee.

E xa hai tempo que comezou a funcionar peor. Abres o xornal, e é raro que non atopes calquera día con novas 'lladas' como as que atopo esta mañá: 'Un glaciar no Mont Blanc, ó bordo do derrube', onde a nova salta máis que nada polo peche de estradas afectadas, ou 'A suba do nivel do mar ameaza con contaminar os acuíferos das zonas máis secas de España', onde a preocupación tamén é a consecuencia: a falta de auga para seguir o ritmo que se impón á natureza. Preocupados polas consecuencias, está tardando a viraxe á preocupación polas causas, necesaría para evitar a desfeita, e máis aínda cando as causas interfiren

coa nosa vida máis inmediata.

Aí temos, tamén estes días, con moita máis difusión mediática, os peches da planta de alumina-aluminio en San Cibrao, cara ó que se vai, ou o peche da central electrotérmica das Pontes, anunciado. Moita máis difusión mediática porque afecta directamente ó emprego, e á riqueza, tal como se concibe de xeito maioritario hoxe en día. Sobre a xestión da planta de alumina e os perigos de que a dirección emigrara xa alertou hai tempo xente (como Isaac Díaz Pardo na Voz de Galicia, o 7 de febreiro do 1998), aínda que neste caso a relación coa emerxencia climática non é máis ca unha mínima parte do perigo pola balsa de Iodós, e simplifícase o peche virá cando as regalías a Alcoa sexan inasumibles para garantir unha rentabilidade elevada. Nas Pontes, o impacto da empresa sobre o medio é máis visible a curto prazo, e directo: a planta é o principal foco individual de emisión de gases de efecto invernadero na península. Mais, en ambos casos, o sistema económico político viu ignorando as causas, e

e por esta razón queremos completar esta xornada con distintas e variadas actividades ao longo do curso. De feito ata o 28 de outubro contaremos cunha exposición sobre as Reservas da Biosfera á que poderá ter acceso toda a cidadanía, e á que seguirán outras coa mesma temática e preocupación medioambiental ao longo do curso.

Esperamos desta forma, contribuir á necesaria sensibilización sobre os recursos do planeta e o risco de supervivencia que corre a sociedade nun futuro que xa temos presente.

Seguimos traballando a prol de Ribadeo, Camiño Seguro

POR MARI LUZ ALVAREZ LASTRA

CONCELLERA DE IGUALDADE

O Concello está a traballar na campaña Ribadeo Camiño Seguro. Trátase dunha iniciativa que xorde coa intención de dar a coñecer o Camiño do Norte, as súas paisaxes e as súas xentes, potenciando a imaxe de Ribadeo como punto referente na entrada norte galega, con especial fincapé en ofrecer un entorno seguro para as mulleres que viaxan soas.

O obxectivo é sensibilizar ao conxunto da cidadanía, e entidades privadas sobre a importancia de xerar espazos que favorezan a prevención da violencia sexual nas rutas do Camiño de Santiago. O Concello lanza un compromiso para prever e actuar fronte a situacións de violencia machista, poñendo o foco na violencia sexual que pode acontecer cando unha muller viaxa soa.

A mensaxe principal da campaña Ribadeo Camiño Seguro é: Viaxar soa é unha opción, e unha vida libre de violencia machista, un dereito.


Nos últimos meses fíxose un estudo das experiencias das mulleres que viaxan soas.

agora resulta difícil (máis ben imposible) combater os efectos. Cousas como estras, con efectos bruscos, fondos, e máis achegados a nós, son as cousas que están sacudindo o xeito de pensar ó presentar, de supor, un calexón sen saída. Son as cousas que rematarán sacudindo o sistema ante a necesidade de colaboración e distribución en tódolos sentidos, ante a supervivencia. Cousas que levaron á concentración de Ribadeo a contar cunha asistencia entre 200 e 300 persoas (segundo que se conten ou non as incorporacións eventuais) e a ser un éxito de cara ó comezo dun cambio necesario na bisbarra.

Quedan anécdotas como que unha parella de policías locais presentouse insinuando que a concentración non tiña autorización (e entón, a ver que se facía coa interrupción da vía pública que se estaba a dar), para rema-

tar asumindo que nin Alcalde nin Xefe da Policía Local parecían estar enterados (e o que había que facer estaba moi claro, axudar a que todo transcorrerá ben). Pero son anécdotas, o mesmo que a propia concentración, ante a magnitud de do problema, que en Ribadeo xa levou a un aumento da temperatura media anual de 0,6 ºC no que vai de século. Considerábase que sería un desastre chegar a un incremento de 2 ºC a nivel global sobre a media do século pasado, e ese aumento significa que xa levamos case a metade, pois a finais do século XX xa se tiña comezado a carreira cara arriba.

Venme á cabeza aquilo de 'a Deus rogando, e co mazo dando', que neste caso implica non só facer as cousas de xeito diferente, senón ir abondo máis aló, mesmo decretar, algo que o sistema, tal como está concebido e funcionando, non permite.



SERVICIO PERMANENTE
Tel.: 982 131 000
Floristería La Flor de Oro
Envíos a domicilio Servicio Teleflores
C/ Ramón González, 37
www.funeraariaribadense.es

FUNERARIA RIBADENSE
TANATORIO DE RIBADEO